



**Lu  
go**

**Casa dos  
Mosaicos**

---

Castellano

## Casa dos Mosaicos

Conjunto arqueológico, situado en un sótano de la céntrica calle Doutor Castro, antiguamente llamada de Batitales, integrado por los restos pertenecientes a una gran *domus* o residencia señorial de época romana que, por sus notables dimensiones y riqueza decorativa, debió de pertenecer a un ilustre ciudadano de Lucus Augusti.

Su principal atractivo radica en la riqueza ornamental de los pavimentos y paredes de algunas de sus estancias. Destaca, sobre todo, la presencia de dos mosaicos con motivos geométricos y figurativos que pavimentaban la gran sala de recepción de la vivienda (*oecus*) y su antesala, parte de los cuales también se conservan bajo la actual calle. Otras dependencias de la casa a destacar son los restos de un *triclinium* o comedor que presenta un sistema radial de calefacción bajo su pavimento (*hypocaustum*) y también parte de uno de los patios porticados que flanqueaban al *oecus*.

## El yacimiento

El tres de septiembre de 1842, debido a las obras para la construcción del alcantarillado en la calle Doutor Castro, se encuentran los restos de un mosaico. Éste representa un tema marino presidido por la cabeza del dios Océano rodeado por peces, moluscos, crustáceos, flores de agua y rodeado por motivos geométricos varios.


Entre los años 1998 y 2002 se realizan excavaciones arqueológicas en el lugar, recuperando nuevos vestigios de este magnífico mosaico. Con el fin último de protegerlo de la mejor forma posible, en el año 1999 la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural decide conservar los restos *in situ* y llevar a cabo su musealización.

El centro de interpretación abrirá finalmente sus puertas al público en diciembre de 2005.

- Muros de losa
- Elementos de granito
- Ladrillo
- Suelo de *opus signinum*
- Suelo de los soportales
- Mosaico
- Cloacas y canales
- Calzada
- Restitución calzadas

## El conjunto de la domus


Las excavaciones realizadas en el lugar dejaron a la luz los restos pertenecientes a una gran *domus* o residencia señorial, fechada a finales del siglo III o principios del siglo IV d. C. de notables dimensiones y ricamente ornamentada con mosaicos y pinturas murales. Esta suntuosa vivienda, sin duda propiedad de un importante personaje perteneciente probablemente a la élite social de la ciudad, ocupaba una amplia superficie, muy cerca del Foro de la ciudad romana, y con fachadas orientadas hacia las dos calles principales de *Lucus Avgvsti*, el *Cardo* y el *Decumanus*.



Su distribución era la de una típica *domus* romana. Tras acceder a la casa por un vestíbulo de entrada donde las personas visitantes esperaban a ser recibidas por el señor de la casa, se llegaba a un patio ajardinado y posiblemente porticado que recibía el nombre de *peristilum*. A este espacio central se abrían las diferentes habitaciones y salas domésticas de la casa.

De ella se conservan en este centro arqueológico parte de algunas de sus dependencias principales, como la gran sala de recepción (*oecus*) y su antesala ambas pavimentadas con mosaicos decorados con motivos geométricos y figurativos de extraordinaria calidad técnica. **1**

En lo que se refiere al vestíbulo previo a la entrada del *oecus*, también es visible a través de una ventana arqueológica situada en el bajo comercial limítrofe con el centro. Era de forma rectangular y tenía pinturas en sus paredes y un mosaico en el suelo casi perdido completamente hoy en día. Éste presenta una escena central, de la cual apenas se conservan las figuras incompletas de dos caballos, que bien pudieran estar ligados a una escena de caza o circo, todo ello rodeado por una alfombra geométrica de círculos sogueados y cuadrados denticulados, acantonados por peltas y pequeñas hojas cordiformes. Esta antesala además presenta uno de los mejores conjuntos de





**Planta con la reconstrucción parcial de la Casa de Océano**

- Zona visitable
- 1 y 2 Pasillos**
- 3 Antesala del oecus**
- 4 Oecus**
- 5 Patio/s porticado/s**
- 6 Estancia privada**
- 7 Antesala del hipocausto**
- 8 Sala del hipocausto**
- 9 y 10 Otras estancias**
- 11 Zona termal?**



pintura mural *in situ* en su zócalo, que responde a un esquema de imitación de mármol, que se cree que se repetiría a lo largo de toda la estancia. También en esta sala se encuentran los únicos ejemplos de estuco ornamental encontrados en la casa, que se podrían relacionar con cornisas, encuadramientos de puertas o ventanas o decoraciones arquitectónicas. **2**

El *oecus*, por su parte, se distingue por su amplitud, su arquitectura y su decoración. Su planta es cuadrada y en ella observamos enlucidos y estucados en la columnata, así como algún resto de pintura mural, lo cual contribuiría a transformar la fisonomía de la habitación. Del espléndido mosaico que cubría casi la totalidad de la estancia apenas se conserva una tercera parte, y



aunque su conservación es muy desigual, lo preservado está en excelentes condiciones. El diseño del mosaico se organiza en un conjunto de bandas y orlas decorativas con motivos geométricos, vegetales y figurativos que enmarcan sucesivamente un cuadro figurado central, del cual desconocemos el motivo principal. Lo que más llama la atención es la banda de la máscara del dios Océano, con cuernos que simulan patas de cangrejo, dos pinzas de crustáceo y antenas. Completa la escena una abundante representación de fauna marina, entre la que se reconocen peces, pulpos, moluscos, conchas y erizos de mar. **3**

En esta gran sala sólo contamos con dos trozos de pared que conservan parte de su decoración pintada. Consiste en una sucesión de paneles muy anchos







separados por filetes verticales en negro, que reproducen imitaciones de placas o lastras marmóreas simples.

Otro de los espacios domésticos que podemos visualizar en este centro arqueológico es el patio interior porticado o peristilo, el cual, estaría comunicado con la citada antesala del *oecus*, mediante una puerta de doble hoja con umbral resaltado con piedra marmórea, que todavía hoy podemos apreciar. El peristilo tiene una planta rectangular está porticado por tres lados con columnas, adoptando la típica distribución en forma de U. Entre estas columnas con base de granito podemos apreciar la existencia de un murete de 0,30 m que separa las galerías del espacio central descubierta. Recurso muy usado en numerosas *domus* descubiertas en la península. **4**

Mientras que las galerías están pavimentadas, observamos que la zona central no lo está, por lo que podríamos tener en cuenta la existencia de un pozo, fuente o estanque a modo de *impluvium*, pero no tenemos constancia de su existencia. La decoración de las galerías es pictórica



y contribuye a enfatizar ese sentido abierto de la parte central, así podemos observar una temática acorde con la funcionalidad: motivos florales y vegetales propios de jardines. Es curiosa la existencia de dos patios o peristilos cortados algo que las historiadoras y los historiadores atribuyen a dos funciones. Por un lado dotaría de aire y luz a las estancias más privadas, que son las que rodearían a este patio porticado, y por otro lado permitiría a los comensales del *oecus* gozar de las hermosas vistas del jardín a través de unas pequeñas ventanas situadas en los muretes del peristilo.

Entre los vestigios de pintura mural, con decoración de motivos florales e imitación de mármol que decoraban algunas de sus salas, destaca una pieza expuesta en una de las vitrinas de la Sala procedente de la pared interior del pórtico del peristilo. **5**

Ya al final del centro arqueológico se puede observar una sala precedida por una antesala o vestíbulo, que destacaría por sus grandes dimensiones, de 56 metros cuadrados. La existencia de una antesala le confiere al



cuarto una cierta presencia, y esto unido a la existencia de un sistema de calefacción **6** (*hypocaustum*) lleva a las historiadoras e historiadores a pensar que se trataría de



un salón o comedor de invierno -*triclinium hiemale*. **6**  
Por último, al oeste de la sala del hipocausto se localizan diversas estancias de menor tamaño, sin que pueda adivinarse cuál era la función de estos espacios.

Finalmente, mencionar que en el Museo Provincial de la ciudad se exponen dos fragmentos de mosaicos pertenecientes a esta *domus* encontrados en 1842 y 1950 respectivamente, y que han sido restaurados. Uno de ellos representa la cabeza del dios Océano rodeado de peces, moluscos y otros motivos marinos, mientras que el segundo presenta una composición geométrica de "círculos secantes". **7**

# Casa dos Mosaicos

## Dirección

C/ Doutor Castro  
números 20-22, 27001 Lugo.

## Teléfono

982 254 815  
982 251 658\* (\*para reservas)

## Correo electrónico

lugoturismo@concellodelugo.org

## Web

<http://lugo.gal/es/localizaciones/casa-de-los-mosaicos>

## Horario

De jueves a sábado: de 11.30 a 13.30 horas y de 17.00 a 19.00 horas.

Domingo: de 11.30 a 13.30 horas

## Tarifas

Entrada gratuita

## Cómo llegar

Autobuses (parada en la plaza de Santo Domingo). Líneas 8 y 7.

Aparcamiento público más cercano:  
Interparking Santo Domingo, plaza de Santo Domingo  
(distancia 170 metros /  
2 minutos andando)

## Accesibilidad

Buena accesibilidad. Disponen de una rampa móvil para salvar el escalón de entrada al edificio y dentro del mismo, una plataforma elevadora nos llevará hasta la sala. No hay facilidades de accesibilidad para personas discapacitadas visuales y con dificultades auditivas.

## Visitas

Visitas guiadas cada media hora. La visita incluye la proyección de un audiovisual de 12 minutos de duración que hace una reproducción virtual de lo que fue la vivienda e incluso los orígenes y el desarrollo de la ciudad romana.

Para concertar visitas en grupo es necesario realizar una reserva en la Oficina Municipal de Turismo (982 251 658) o a través del correo electrónico:

lugoturismo@concellodelugo.org

## Enlaces de interés

En [www.vilasamuralladas.eu](http://www.vilasamuralladas.eu) podrá realizar una visita virtual y ver un vídeo informativo de esta sala y de los demás centros expositivos de la red municipal de museos.

## Publicaciones

González Fernández, Enrique: "*Domus Oceani. Aproximación á arquitectura doméstica de "Lucus Augusti"*". Concello de Lugo. Lugo, 2005.



# Lu go

## Casa dos Mosaicos

---

Galego

## Casa dos Mosaicos

Conxunto arqueolóxico, situado nun soto da céntrica rúa Doutor Castro, antigamente chamada de Batiales, integrado polos restos pertencentes a unha gran *domus* ou residencia señorial de época romana que, polas súas notables dimensións e riqueza decorativa, debeu de pertencer a un ilustre cidadán de *Lvcvs Avgvsti*.

O seu principal atractivo radica na riqueza ornamental dos pavimentos e paredes dalgunhas das súas estancias. Destaca, sobre todo, a presenza de dous mosaicos con motivos xeométricos e figurativos que pavimentaban a gran sala de recepción da vivenda (*oecus*) e a súa antesala, parte dos cales tamén se conservan baixo a actual rúa. Outras dependencias da casa para destacar son os restos dun *triclinium* ou comedor, que presenta un sistema radial de calefacción baixo o seu pavimento (*hypocaustum*), e tamén parte dun dos patios con soportais que flanqueaban o *oecus*.

## O xacemento

O tres de setembro de 1842, debido ás obras para a construción da rede de sumidoiros na rúa Doutor Castro, atópanse os restos dun mosaico. Este representa un tema mariño presidido pola cabeza do deus Océano rodeado por peixes, moluscos, crustáceos, flores de auga e motivos xeométricos varios.


Entre os anos 1998 e 2002, realízanse escavacións arqueolóxicas no lugar, recuperando novos vestixios deste magnífico mosaico. Co fin último de protexelo da mellor forma posible, no ano 1999, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural decide conservar os restos *in situ* e levar a cabo a súa musealización.

O centro de interpretación abrirá finalmente as súas portas ao público en decembro de 2005.

- Muros de lousa
- Elementos de granito
- Ladrillo
- Chan de *opus signinum*
- Chan dos soportais
- Mosaico
- Cloacas e canais
- Calzada
- Restitución calzadas

## O conxunto da domus


As escavacións realizadas no lugar deixaron á vista os restos pertencentes a unha gran *domus* ou residencia señorial, datada a finais do século III ou a principios do século IV d. C. de notables dimensións e ricamente ornamentada con mosaicos e pinturas murais. Esta suntuosa vivenda, sen dúbida, propiedade dun importante personaxe pertencente probablemente á elite social da cidade, ocupaba unha ampla superficie, moi preto do foro da cidade romana, e con fachadas orientadas cara ás dúas rúas principais de *Lvcvs Avgvsti*, o *Cardo* e o *Decumanus*.





A súa distribución era a dunha típica *domus* romana. Tras acceder á casa por un vestíbulo de entrada, onde as persoas visitantes esperaban a ser recibidas polo señor da casa, chegábase a un patio axardinado e posiblemente con soportais que recibía o nome de *peristilum*. A este espazo central abríanse as diferentes habitacións e salas domésticas da casa.

Dela consérvase neste centro arqueolóxico parte dalgunhas das súas dependencias principais, como a gran sala de recepción (*oecus*) e a súa antesala, ambas as dúas pavimentadas con mosaicos decorados con motivos xeométricos e figurativos de extraordinaria calidade técnica. **1**



Planta coa reconstrución parcial da Casa de Océano


- Zona visitable
- 1 y 2 Corredores
- 3 Antesala do *oecus*
- 4 *Oecus*
- 5 Patio/s porticado/s
- 6 Estancia privada
- 7 Antesala do hipocausto
- 8 Sala do hipocausto
- 9 y 10 Outras estancias
- 11 Zona termal

No que se refire ao vestíbulo previo á entrada do *oecus*, tamén é visible a través dunha xanela arqueolóxica situada no baixo comercial limítrofe co centro. Era de forma rectangular, e tiña pinturas nas súas paredes e un mosaico no chan case perdido completamente hoxe en día. Este presenta unha escena central, da cal apenas se conservan as figuras incompletas de dous cabalos, que ben puidesen estar ligados a unha escena de caza ou circo, todo iso rodeado por unha alfombra xeométrica de círculos sogueados e cadrados denticulados, acantonados por peltas e pequenas follas cordiformes. Esta antesala, ademais, presenta un dos mellores conxuntos de pintura mural *in situ* no seu zócalo, que responde a un esquema



de imitación de mármore, que se cre que se repetiría ao longo de toda a estancia. Tamén nesta sala se atopan os únicos exemplos de estuco ornamental atopados na casa, que se poderían relacionar con cornixas, encadramentos de portas ou xanelas ou decoracións arquitectónicas. **2**

O *oecus*, pola súa banda, distínguese pola súa amplitude, a súa arquitectura e a súa decoración. A súa planta é cadrada, e nela observamos lucidos e estucados na columnata, así como algún resto de pintura mural, o cal contribuiría a transformar a fisionomía da habitación. Do espléndido mosaico que cubría case a totalidade da estancia, apenas se conserva unha terceira parte, e aínda que a súa conservación é moi desigual, o preservado está en excelentes condicións. O deseño do mosaico



organízase nun conxunto de bandas e orlas decorativas con motivos xeométricos, vexetais e figurativos que enmarcan sucesivamente un cadro figurado central, do cal descoñecemos o motivo principal. O que máis chama a atención é a banda da máscara do deus Océano, con cornos que simulan patas de cangrexo, dúas pinzas de crustáceo e antenas. Completa a escena unha abundante representación de fauna mariña, entre a que se recoñecen peces, polbos, moluscos, cunchas e ourizos de mar. **3**

Nesta gran sala só contamos con dous anacos de parede que conservan parte da súa decoración pintada. Consiste nunha sucesión de paneis moi anchos separados por filetes verticais en negro, que reproducen imitacións de placas ou lastras marmóreas simples.







4

Outro dos espazos domésticos que podemos visualizar neste centro arqueolóxico é o patio interior con soportais ou perístilo, o cal, estaría comunicado coa citada antesala do *oecus*, mediante unha porta de dobre folla con limiar resaltado con pedra marmórea, que aínda hoxe podemos apreciar. O perístilo ten unha planta rectangular con soportais por tres lados con columnas, adoptando a típica distribución en forma de U. Entre estas columnas con base de granito, podemos apreciar a existencia dun murete de 0,30 metros que separa as galerías do espazo central descuberto. Recurso moi usado en numerosas *domus* descubertas na península. 4

Mentres que as galerías están pavimentadas, observamos que a zona central non o está, polo que poderíamos ter en conta a existencia dun pozo, fonte ou estanque a modo de *impluvium*, pero non temos constancia da súa existencia. A decoración das galerías é pictórica, e contribúe a salientar ese sentido aberto da parte central, así podemos observar unha temática acorde coa funcionalidade: motivos florais e vexetais propios de xardíns. É curiosa a existencia de dous



5

patios ou perístilos cortados algo que as historiadoras e historiadores atribúen a dúas funcións. Por unha banda, dotaría de aire e luz ás estancias máis privadas, que son as que rodearían a este patio con soportais, e, doutra banda, permitiríalles ás e aos comensais do *oecus* gozar das fermosas vistas do xardín a través dunhas pequenas xanelas situadas nos muretes do perístilo.

Entre os vestixios de pintura mural, con decoración de motivos florais e imitación de mármore que decoraban algunhas das súas salas, destaca unha peza exposta nunha das vitrinas da sala procedente da parede interior do pórtico do perístilo. 5

Xa ao final do centro arqueolóxico, pódese observar unha sala precedida por unha antesala ou vestíbulo, que destacaría polas súas grandes dimensións, de 56 metros cadrados. A existencia dunha antesala confírelle ao cuarto unha certa presenza, e isto unido á existencia dun sistema de calefacción 6 (*hypocaustum*) leva ás historiadoras e historiadores a pensar que se trataría dun salón ou comedor de inverno -*triclinium hiemale*. 6



6

Por último, ao oeste da sala do hipocausto localízanse diversas estancias de menor tamaño, sen que poida adiviñarse cal era a función destes espazos.



7

Finalmente, mencionar que no Museo Provincial da cidade se expoñen dous fragmentos de mosaicos pertencentes a esta *domus* atopados en 1842 e 1950, respectivamente, e que foron restaurados. Un deles representa a cabeza do deus Océano rodeado de peixes, moluscos e outros motivos mariños, mentres que o segundo presenta unha composición xeométrica de "círculos secantes". 7

# Casa dos Mosaicos

## Enderezo

rúa Doutor Castro,  
números 20-22, 27001 Lugo

## Teléfono

982 254 815  
982 251 658\* (\*para reservas)

## Correo electrónico

lugoturismo@concellodelugo.org

## Web

<http://lugo.gal/gl/localizacions/casa-dos-mosaicos>

## Horario

De xoves a sábado: das 11.30 ás 13.30 horas e das 17.00 ás 19.00 horas

Domingo: das 11.30 ás 13.30 horas

## Tarifas

Entrada gratuita

## Como chegar

Autobuses urbanos (parada na praza de Santo Domingo). Liñas 8 y 7.

Aparcadoiro público máis próximo: Interparking Santo Domingo, praza de Santo Domingo (distancia 170 metros / 2 minutos a pé)

## Accesibilidade

Boa accesibilidade. Dispoñen dunha rampla móbil para salvar o chanzo de entrada ao edificio, e dentro deste, temos unha plataforma elevadora que nos levará ata a sala. Non hai facilidades de accesibilidade para persoas discapacitadas visuais e con dificultades auditivas.

## Visitas

Visitas guiadas cada media hora. A visita inclúe a proxección dun audiovisual de 12 minutos de duración que fai unha reprodución virtual do que foi a vivenda e mesmo as orixes e o desenvolvemento da cidade romana.

Para concertar visitas en grupo, é necesario realizar unha reserva na Oficina Municipal de Turismo (982 251 658) ou a través do correo electrónico [lugoturismo@concellodelugo.org](mailto:lugoturismo@concellodelugo.org)

## Enlaces de interese

En [www.vilasamuralladas.eu](http://www.vilasamuralladas.eu) poderás realizar unha visita virtual e ver un vídeo informativo desta sala e dos demais centros expositivos da rede municipal de museos.

## Publicacións

González Fernández, Enrique: "*Domus Oceani. Aproximación á arquitectura doméstica de "Lucus Augusti"*". Concello de Lugo. Lugo, 2005.